



PREMIOS 10 DE MARZO



Mulleres do 72

Na loita pola democracia e os dereitos sociais participaron moitas mulleres. Foron o sustento das súas familias mentres as súas parellas estaban na cadea ou no exilio e soportaron as dificultades dos paros laborais e os despedimentos. Pero tamén participaron activamente nas tarefas de representación sindical e nas mobilizacións.

No conflito da PYSBE de Ferrol (Pesquerías y Secaderos de Bacalao de España) de 1967, Ángeles Rivera, Josefa Darriba e Josefina Fernández estiveron á fronte das reivindicacións. Noutras empresas, con importante presenza de mulleres entre o seu persoal, tamén se comprometeron na defensa dos dereitos laborais mulleres como Pilar Pérez ou Margarita Rodríguez no Grupo de Empresas Álvarez de Vigo, chegando mesmo a exercer a representación dos traballadores e traballadoras no sindicato vertical franquista.

En conflitos como o de Peninsular Maderera ou MEGASA de Ferrol, moitas mulleres organizáronse para recadar diñeiro e comida para as familias dos traballadores en paro. Outras accións como o peche na concatedral de San Xiao, o 13 de novembro de 1970, xuntaron obreiros, familias e crianzas. Nestas accións participan Fina Varela, Angelita Fernández, María García, Teresa Mandiá, Lucita Aneiros, Encarna Puentes, Fina Piñón, Divina García, Fina López, Encarna Puentes e outras.

O día 9 de marzo de 1972, as compañeiras dos traballadores foron ás portas de Bazán, onde entrara a policía. Unha vez alí, acordaron unha manifestación de mulleres para aquela tarde. A Fina Varela detivérona nesa acción. Moitas non pasaron a noite na casa por medo a ser detidas.

Ao día seguinte, 10 de marzo, fora convocada unha manifestación en sinal de protesta. A cidade estivo pechada. Fina Varela, Ánxela Loureiro, María Fernández, Manuela López, Marisol Novás, Encarna Puentes, Sari Alabau, Fina Freijomil e outras formaron piquetes e percorreron a cidade; foron polos negocios e fábricas para que pechasen as portas en sinal de protesta. Fina Varela, Sari Alabau e Mela a Carbonera sufriron cadea e foron xulgadas tres anos máis tarde, no proceso dos 23.

A longa folga de setembro de 1972 en Vigo durou case tres semanas. Moitos consideran que manter ese pulso durante tanto tempo só foi posible grazas ás redes de apoio e solidariedade tecidas por milleiros de persoas, a maioría anónimas, mais, especialmente, grazas ás mulleres. As veciñas deixaban alimentos ás portas das casas onde sabían que había problemas; as pescantinas, como a señora Maruja de Teis, regalaban o xénero aos que foran despedidos; outras quedaban cos fillos das que acudían a asembleas clandestinas; as mulleres que rexentaban bares, como a señora Ramona en Pousafoles, sempre tiñan un prato de comida preparado para quen levaba días sen cobrar. Había xente organizada, pero as redes de apoio xurdiron espontaneamente e, máis que coa conciencia política, tiñan que ver coa humanidade e a dignidade das persoas, malia o medo da xente e a presenza constante de axentes da Brigada Político-Social por todas as partes.

Na primeira liña estiveron mulleres como Margarita Rodríguez, Pilar Pérez, a avogada laboralista Elvira Landín, Dolores Giráldez, Julia Domínguez, Luísa Cuevas, Pilar García, Pilar Rodríguez, Carmen Segurana, Amelia Rodríguez, Laura Pérez, Hortensia Otero e moitas outras.

Tanto no caso de Ferrol como no de Vigo, a gran maioría destas mulleres seguiron loitando pola democracia e os dereitos laborais e sociais ata hoxe.

O Sindicato Nacional de CCOO quere facerlles un recoñecemento a estas mulleres cos premios 10 de Marzo. Recollerán o premio en representación de todas elas, Margarita Rodríguez e Fina Varela. Ambas xa foron homenaxeadas no seu momento, pero hoxe están aquí en representación do colectivo de mulleres comprometidas nas importantes mobilizacións de 1972.



José Paraños Pardo

Pepe Paraños naceu en Roupar, unha parroquia do concello de Xermade (Lugo), o 12 de abril de 1948. A súa crianza, infancia, adolescencia e primeira xuventude viviunas en Lugo, onde cursa os primeiros estudos na escola pública, daquela Grupo Escolar Menéndez Pelayo e Instituto Masculino, hoxe IES Lucus Augusti.

Inicia a carreira de Matemáticas en Compostela, onde acontecementos vividos durante o curso 1966/67 relativos ao celo represor das autoridades académicas — supresión de actos culturais organizados polos alumnos, denegación de espazos de reunión e libre circulación de boletíns informativos, limitación da representación do estudantado nos órganos das facultades e o carácter autoritario dunha boa parte do profesorado—, van alimentando a súa toma de conciencia da realidade que vive.

É seguro que ese gromo de conciencia política e social ten a súa base nas lecturas de natureza marxista e de revistas críticas como *Triunfo* ou *Cuadernos para el diálogo* e, sobre todo, nas vivencias emocionais e as inacabables conversas, xamais rematadas ata o amencer, que foron tanto ou máis formativas ca as ensinanzas regradas. De tal maneira que no curso 1967/68 participa na consolidación do Sindicato Democrático de Estudiantes e é delegado de curso de segundo de Matemáticas.

Rematada a licenciatura, traballa no País Vasco, no IES de Sestao e na Universidade Laboral de Eibar. Alí forma parte dos activos movementos de profesores non numerarios (os PPN). As organizacións sindicais aínda non contaban con federacións específicas ou aínda comezaban a súa estruturación neste sector de traballadores.

De volta a Galicia é contratado como PNN na Universidade de Santiago ao comezo do curso 1975/76 e empeza a participar en grupos reducidos que pretenden organizar nunha Federación de Ensino os traballadores e traballadoras do ensino con afinidades coas CCOO. Unha vez obtida unha praza por oposición para comezar o curso 1977/78, desempeñada en Padrón, trasládase a Vigo e instálase profesionalmente de maneira definitiva a partir de outubro de 1978.

Participa activamente na construción da Federación de Ensino. É un dos catro representantes de Galicia no 1º Congreso da Federación de Enseñanza de CCOO (congreso constituínte) celebrado en Valencia os días 12, 13 e 14 de abril de 1979.

No curso 1984/85, Benedicto e Pepe son designados liberados sindicais, os primeiros deste sector de traballadores. Coa posibilidade de traballar a tempo completo, a organización pode consolidarse e medrar en afiliación e influencia. Establecidos os órganos de dirección, Pepe forma parte da Executiva, do Consello, do Consello Federal, etc.

O sindicato traballou arreo en moitas fronteas, pero é de sinalar a impactante folga do curso 1987/88, da que derivaron o respecto ás CCOO, a confianza dos traballadores e traballadoras en nós e importantes melloras salariais. Dado o vencello de Pepe á Universidade, entre outras tarefas encomendadas pola Executiva tivo a de se ocupar da presenza activa do sindicato na Universidade. Isto foi a partir da aprobación da Lei orgánica de reforma universitaria promovida por Maravall e publicada en setembro de 1983. No momento en que outros compañeiros foron os chamados a levar a dirección do sindicato, Pepe foi comisionado para representar os intereses das CCOO e dos traballadores nos Consellos Sociais das Universidades de Santiago, primeiro e durante dous mandatos, e de Vigo, despois e, tamén, durante outros dous.



PREMIOS 10 DE MARZO



Elías Vila Calveira, in memóiriam

Elías empezou a traballar con 16 anos na empresa Metalgráfica Galega, en Vilagarcía de Arousa. Tempos de lecer e de penurias. A empresa imparte a formación e ano a ano colle experiencia no oficio.

Na procura unha mellor situación económica e, coma tantos traballadores na altura, opta pola emigración e marcha a Holanda; máis adiante unírase Gloria, a súa compañeira. Alá entende o que é a clase traballadora e como funciona un sindicato.

Retorna a Galicia no ano 1972 e incorpórase á empresa UNICAR, dedicada ao carrozado de autobuses.

Participa na loita obreira a raíz das revoltas que desenvolve o “metal” a prol das reivindicacións iniciadas no ano 1968. Son xornadas assemblearias convocadas clandestinamente para esquivar o acoso policial da Brigada Político-Social.

En 1975 participa no asalto e ocupación dos locais do sindicato vertical. Despois de varios días e varias noites de garda, conséguese constituír a actual sede sindical de CCOO. Ese mesmo ano trátase de reivindicar o convenio do metal. Acode ás asembleas clandestinas convocadas no monte Xiabre e mais no Lobeira. Participa como membro moi activo na defensa do convenio. Entra a formar parte dos piquetes de información. Na localidade de Vilalonga, un empresario chega a ameazalo cunha pistola e nun taller de fabricación de remolques de Vilagarcía recíbeno cunha escopeta.

Fai parte do comité de empresa, que nos anos 90 pasa a chamarse UNICAR. Comeza un conflito colectivo, seguido dun peche patronal. O comité de empresa, ante ese peche proposto pola empresa, opta por constituír unha sociedade anónima laboral (SAL).

Os traballadores manteñen tres anos de loita intensa, corren 1994, 1995 e 1996. Toman pola forza a fábrica, organízanse para facer gardas día e noite. Elías ten un destacado papel na negociación cos diferentes estamentos (Xunta de Galicia, Seguridade Social, Xulgado do Mercantil e Social, varias empresas interesadas na compra e a masa de traballadores), case sen esperanzas. Entende que a proposta da Xunta de Galicia non é a máis interesante, pero acata a decisión da asemblea. Co fin do conflito decide abandonar a empresa. Traballa na hostalería durante dous anos e posteriormente ingresa na empresa Remolcar, onde remata a súa vida laboral.

Ao se xubilar, o compañeiro Elías entra a formar parte da executiva do Sindicato Comarcal de Pensionistas. Co seu carácter reivindicativo, impulsa neste ámbito un ambiente social de loita, integrando o Comité de Dirección da Federación de Pensionistas de Galicia. Desenvolve o seu labor de secretario xeral ata a súa morte o 3 de abril de 2022.